

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN E A CÁMARA OFICIAL MINEIRA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS ESPECÍFICAS DE FOMENTO DA MINERÍA SUSTENTABLE

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación da Xunta de Galicia, **DECLARA:**

Que esta Consellería formalizou coa CÁMARA OFICIAL MINEIRA DE GALICIA (COMG) o convenio arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a data da súa sinatura ata o 9 de decembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular a colaboración entre a Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación e a CÁMARA OFICIAL MINEIRA DE GALICIA PARA O FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS ESPECÍFICAS PARA O FOMENTO DA SUSTENTABILIDADE NO SECTOR MINEIRO, en concreto as actuacións obxecto do convenio son as que se describen a continuación:

a) II Edición Minerais Estratéxicos para a Industria Galega: Consistente na organización de 2 xornadas. Unha primeira xornada de difusión xeral que xirará en torno á importancia da investigación e a explotación de materias críticas para o desenvolvemento do tecido industrial e o aumento da súa competitividade, e unha segunda xornada que consistirá nunha visita técnica a unha explotación.

b) Servizos de comunicación da Plataforma Minería Sostible de Galicia: creación dunha serie de vídeos curtos para o formato reels de Instagram no que se expoña de forma atractiva a importancia de minería galega na economía do noso país.

c) Campaña de gravación e edición de vídeos a Personalidades Galegas: creación dunha campaña de vídeo baseada en entrevistas a persoas que non forman parte da minería galega pero que si necesitan do sector para poder desenvolver a súa actividade.

d) Colaboración cun diario de máxima tirada para a publicación dun suplemento de carácter didáctico dirixido a escolares.





Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O artigo 48.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que as Administracións Públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poden subscribir convenios con suxeitos de dereito público e privado, sen que iso poida supoñer cesión da titularidade da competencia, sinalando no seu apartado 3 que a subscripción de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

O Regulamento de réxime interior da Cámara Oficial Mineira de Galicia de 30 de marzo de 2016 indica no seu artigo 2 alínea primeira que "A Cámara Oficial Mineira de Galicia é unha corporación de dereito público, sen ánimo de lucro, que se configura como órgano consultivo, de asesoramento e colaboración cos poderes públicos, especialmente coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, sometido á tutela da consellería da Xunta de Galicia con competencia en minería. Para o cumprimento dos seus fins e exercicio das súas funcións goza de personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar. A súa estrutura e funcionamento deberán ser democráticos e suxeitarse ás disposicións do presente Regulamento."

Segundo o artigo 3 do citado Regulamento de réxime interior, a COMG "ten como finalidade a representación, fomento, promoción e defensa dos intereses xerais da industria mineira en Galicia, con especial atención á compatibilización coa protección do medio ambiente, a integración social e territorial, a innovación, a formación e a seguridade e saúde laboral das actividades mineiras, así como a prestación de servizos aos seus socios. Así mesmo, exercerá as competencias de carácter público que lle atribúe a lexislación relativa ás Cámaras Oficiais Mineiras e as que lles poidan ser asignadas polas Administracións Públicas de acordo cos instrumentos que establece o ordenamento xurídico".

As actuacións obxecto do convenio responden ao interese xeral e existen razóns de interese público, social e económico que xustifican, conforme ao artigo 19.4.c) e 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a colaboración da Xunta de Galicia, a través da VCELL, no financiamento das ditas actuacións.

A Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación achegará ata un máximo de **OITENTA MIL EUROS (80.000,00 €)**, con cargo a aplicación orzamentaria **06.02.734A-780.0** dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data indicada na sinatura dixital

O director xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais

Pablo Fernández Vila

